

Tarzán de goma



Título:

Tarzán de goma

Autor:

Ole Lund Kirkegaard

Ilustrador:

Andrés Meixide

Editorial:

Xerais

Colección:

Merlín

Nº páxinas:

80

ISBN:

978-84-9782-576-4

Idade:

De 9 anos en diante

XERAIS



o autor

Ole Lund Kirkegaard (Dinamarca, 1940-1979)

O tema predominante dos seus libros é a relación entre os nenos e os adultos, os primeiros movéndose por un mundo cheo de pequenas e grandes aventuras, e os maiores pouco comprensivos con problemas infantís.

En 1967 publicou *O pequeno Virgil*, o primeiro dunha serie de libros de humor para nenos. Outro libro deste autor é *Otto es un rinoceronte*.

Está considerado un clásico en Dinamarca.

Tarzán de goma é a primeira que se traduce ao galego, resultando accésit do premio de tradución da Universidade de Vigo 2004. En 1974 o IBBY incluíu este libro na Lista de Honor do premio Hans Christian Andersen.

Esta obra conta cunha versión musical que se representou en Madrid.

o libro

Un texto escrito cunha gran sinxeleza e que contén unha rica complexidade.


A tradución da obra é interesante pois achega unha serie de expresións moi propias do noso idioma, un feito que produce proximidade ao tempo fai máis áxil a historia.

Un relato en terceira persoa no que se narra o que lle acontece a Iván Olsen, un neno debilucho que se ve acosado na escola e sen apoio de ningún tipo na casa; aínda máis, o pai empéñase en chamarlle pailoco, acusalo de non servir para nada e sometelo a probas ben difíciles como esa na que tenta convertelo nun Tarzán.

Iván ben sabe que non é un rapaz popular, nin listo, nin forte... máis ben asegura que é todo o contrario. Demasiado consciente das súas dificultades, semella condenarse antes de que o fagan os demais pero, aínda así, ninguén lle perdoo nin tampouco lle axuda, nin grandes nin pequenos...


Un bo día Iván atopa unha bruxa. Non lle demostra medo, pois para el todo o mundo é igualmente perigoso, e ela, a cambio, promételle cumprir un desexo, só un. Despois de pensar toda a noite, Iván pide un «superdesexo», un desexo que vale por moitos (para que logo digan que o Ivanciño non é listo!). Sendo así, a bruxa ten que dicirlle que só poderá cumprirse un día, pero pode que sexa suficiente para demostrarlle a todo o mundo o que debería ser. Unha lección en toda regra.

temas e valores




A autoestima

Débiles e fortes. Grandes e pequenos. Cando a diferenza entraña un perigo.



Poñerse no lugar do outro


Libros sobre ratos. Historias nas que eles son protagonistas, a pesar de tratarse duns animalíños que normalmente non resultan demasiado amigables.



As referencias literarias: Tarzán



Os adultos e as súas relacións cos máis pequenos



As bruxas e os desexos

como táboa de salvación de determinadas situacións, ou cando temos que buscar axuda na fantasía porque a realidade semella non achegárla.

actividades

A proposta de actividades que segue xorde das múltiples posibilidades de xogo arredor do texto. Nunca deben ser tomadas dun xeito que non sexa simplemente a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo...

Cada mediador poderá escoller aquelas actividades que lle resulten máis interesantes tendo en conta os intereses que o guían, ou ben pode crear as súas propias en base ás que se deseñan a seguir.

En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentala. O feito de realizar algunha actividade en torno a esta lectura debe ser, en todo caso, complementario do anterior, pero nunca debe ocultar o obxectivo principal: ler e gozar da obra.

Antes da lectura

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Tras observar as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Pensamos se este título nos lembra outros.
- Escribimos un texto con ese título.
- A lectura do texto que aparece na contracuberta axudaranos a adiantar o seu tema e o seu argumento. Deixamos que vaian saíndo á luz as experiencias e coñecementos previos acerca desta temática.
- Identificamos o autor, buscamos datos acerca del e das súas obras. Podemos comezar coa lapela; posteriormente realizaremos outras buscas na biblioteca e en Internet.
- Informémonos sobre o ilustrador, acerca doutros libros ilustrados por el. Podemos comezar coa lapela e posteriormente realizar outras buscas na biblioteca e en Internet.
- Realizamos unha exposición cos libros deste autor e ilustrador cos que contamos na biblioteca escolar.
- Podemos falar da colección Merlín, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron. Repasamos a solapa na que aparecen «Últimos libros da colección».
- Contamos experiencias, escribimos historias e comentamos libros ou películas que lésemos ou vísemos nos que se trata o tema do acoso escolar.
- Realizamos un punto de lectura axeitado para esta obra.
- Cunha mirada rápida observamos as ilustracións «coma quen mira os santos» e imaxinamos a historia que pode haber detrás (non vale ler!!).
- Pensemos se esta historia nos lembra algo que coñecemos de primeira man.

Ao longo da lectura

- Cunha mirada rápida situaremos o texto dentro dun xénero literario.
- Os capítulos aparecen numerados. Unha vez lido cada un deles, poñémoslle o título que nos parece máis axeitado.
- Identificamos quen conta a historia.

actividades

- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos chaman a atención para despois poder compartilos cos compañeiros e compañeiras.
- Deteñámonos en cada unha das ilustracións co fin de tentar explicar o que nos mostran. Observaremos se nos achegan informacións novas, que non sempre aparecen nos textos.
- Eliximos a ilustración que máis nos gusta de todas e argumentamos a escolla.
- Resumimos un capítulo contándoo en poucas palabras.
- Probamos a ler un fragmento do libro de forma que cada un de nós represente un personaxe.
- Busquemos outros alcumes que lle puideron tocar a Iván.
- Formulémonos preguntas relacionadas co texto:
 - Cal é o verdadeiro nome de Tarzán de goma?
 - Seriamos quen de saber o verdadeiro nome do outro Tarzán?
 - Por que é acosado este neno?
 - Que é o que lle fan para molestalo?
 - Quen o maltrata?
 - Cal é a postura do pai co noso Tarzán de goma?
 - Que lle di e que lle ensina o pai?
 - Que alcumes teñen os teus compañeiros de clase?
 - Que outros alcumes coñeces?
 - Hai algunha diferenza entre as clases de ximnasia para nenos e nenas no colexio deste neno?
 - Que cousas lle daban medo a Iván?
 - Cres que o pai e o profesor de ximnasia se acordaban de cando eran pequenos?
 - Como reaccionarías ti de ser Iván?
 - Que lembramos da historia do verdadeiro Tarzán? Líchela?
 - Vistes algunha das versións cinematográficas?
 - Onde está escrita a lei que di o que teñen que facer os rapaces?
 - Quen lle puxo o nome de Tarzán de goma?
 - Por que usa Iván a bicicleta de súa nai?
 - Como eran os esgarros de Iván?
 - Por que quere aprender a cuspir?
 - Que será o vademecum de consulta para bruxas? Que outro che lembra?
 - Que será un superdesexo?
 - Cal é a actitude dos compañeiros de Iván que tampouco son fortes? Será que andan calados? Por que?
- Pensemos na posibilidade de que algún día se cumpran os nosos desexos.
- Imaxinemos como sería ese mundo. Hai cidades como Bilbao nas que no Nadal se colocan papeis cos desexos de cada un nunha árbore. Nós podemos facer o mesmo, colocar os nosos desexos para o cole nunha árbore do patio.
- Falando de desexos, pode ser un momento interesante para ler libros que traten de desexos (*Os tres desexos...*), de xenios, das trampas nas que podemos caer cando pedimos desexos...
- Iván é un neno pouco seguro de si mesmo, cheo de medos que ninguén lle axuda a superar; todo o máis esíxenlle que o faga por si mesmo. Que opinas: pode facelo só?
- Realizamos unha listaxe cos personaxes que aparecen no texto e colocámoslle a cada un deles as características que mellor o definen. Podemos separalos en principais e secundarios.

actividades

- Iván vai probando: primeiro quere aprender a xogar ao fútbol, logo proba coa bicicleta, a continuación tentar aprender a cuspir lonxe, logo a asubiar... Explica as dificultades que atopa en cada unha destas tarefas.
- Recollemos as onomatopeas que aparecen no texto (exemplo: *ploffff*).
- A bruxa dálle un bo consello a Iván, cal é?
- Expliquemos a frase seguinte: «Pero, por que teño eu que compracer a meu pai? El nunca me compace a min.»
- A bruxa ponse a botar ingredientes no caldeiro. Fai a listaxe dos que bota ela e pensa nos que botarías ti para inventar unha beberaxe que ha de levar un nome especial e ha de servir para...
- Desexos para sempre e desexos para un só día. Fai listaxes de ambos.
- Redacta todo o que fai Iván nese día de graza conseguido a través do desexo e a bruxa.
- Semella que Iván devolve aos demais o que lle deron, en palabras e en obras. Demóstrao.
- Reflexionemos acerca do difícil que é saber o que un quere.
- Pensemos no desexo que lle pediríamos nós á bruxa (non vale copiar o de Iván!).
- Tomemos nota dos paxaros que se citan no texto. Recollamos datos acerca deles. Debuxémolos.
- O pai de Iván dille: «Aos nenos non se lles permite falarlles así aos seus maiores». Contesta Iván: «E logo os maiores tampouco lles poden falar así aos pequenos». Reflexionemos en torno a esta conversación. Opinemos argumentando.
- Busquemos os episodios que nos resulten cómicos na obra.
- Iván e seu pai non coinciden no que é e debe facer un home de verdade ou rei. Cales son estas diferenzas de pensamento que saen á luz a respecto de Tarzán.
- Cando Iván bate na mesa sobre a que está o libro de Tarzán, o personaxe cae nas fauces dun crocodilo. «Acabas de cargarte a Tarzán» –di o pai degustado. Explica como pode suceder isto, como se pode actuar sobre a historia –que está nun libro– desde o mundo exterior e se houbo outros casos nos que te atopaches con algo así.
- «Un rapaz maior coma ti...» repiten unha e outra vez o pai e o profesor de ximnasia de Iván. Non obstante, Iván nin se ve maior nin ten a axuda necesaria para medrar psicolóxicamente. Que opinas ti ao respecto? Algunha vez che dixeron, tamén, iso de «Un rapaz ou rapaza maior coma ti»?
- O señor Olsen afirma que os maiores non teñen que facer o que lles mandan os nenos, pero Iván non opina da mesma maneira ese día especial no que el semella ser o rei da creación. Opinade vós de maneira seria e argumentada.
- A nai de Iván semella miralo todo desde fóra, sen implicarse. Que opinas?
- Recolle algunha expresión que che resulte un tanto malsoante.
- Unha mosca nun ollo, unha herba no outro... Xa é mala sorte! Contemos sucedidos nos que consideremos que foi mala pata o que nos pasou.
- Iván tivo un día moi especial, un día para lembrar toda a vida, ou é que só foi un soño? Falade en torno a esta pregunta.
- Opinemos acerca do final desta historia. Pareceche triste? Ou só real? Como a rematarías ti?
- Busquemos solucións ao problema de Iván. Que faríamos nós de estar dentro do conto? Que ha de facer el para cambiar a súa situación?

actividades

- Elaboramos un vocabulario con aquelas palabras que nos resultan difíciles a primeira vista.
- Semella que os adultos esquecen, ás veces, como se sentían cando eran pequenos. Talvez haxa que falarlles máis de como nos sentimos e lembrarlles que eles tamén foron nenos e nenas algunha vez.
- Despois da lectura de cada un dos capítulos predicimos a continuación da novela.
- Hai historias nas que os seres fantásticos lles piden axuda aos nenos para solucionar os seus problemas e outras, coma estas, nas que son os nenos os que teñen que valerse destes personaxes míticos para tentar arranxar os seus. Fala duns e outros. Escribe un conto baseándote na primeira das premisas e outro nas segundas.

Despois da lectura

- *Tarzán de goma* fai que lembremos a Tarzán e outros personaxes literarios. Podemos escoller aqueles que máis nos gustaron e facer marcadores de lectura con eles.
- Poderíamos tamén facer unha baralla de parellas: Tarzán e Chita, o lobo e os tres porquiños...
- Ese día especial que semella gozar Iván é unha versión do mundo ao revés. Imaxínade outras situacións nas que puidésemos darlle a volta a todo...
- Analicemos os problemas que xorden na historia e a maneira de resolvelos.
- Comentemos os valores que defende o autor neste texto.
- Escribimos a opinión que nos mereceu o libro ou realizamos unha posta en común na que imos achegando a valoración de cada un de nós. Intercambiamos as sensacións que nos espertou a lectura e, tamén, as lembranzas que foron aflorando ao longo desta.
- Semella que, nalgúns casos, deberíamos poñernos no sitio dos outros, desa maneira entenderíamos mellor o que pasa e poderíamos actuar dun xeito máis solidario.
- Hai algún momento no que esta historia podería titularse «Os paxaros tirándolles ás escopetas». Opinade ao respecto.
- Resumimos o argumento ou realizamos unha liña argumental.
- Intentamos sintetizar a idea principal do texto.
- Escribimos a historia da bruxa a partir do momento no que se vai coa súa caravana.
- Escribímoslle ao autor comentándolle a obra.
- Repasamos o texto buscando un fragmento que nos poida servir como cita.
- Pasamos a historia a cómic ou escribimos un poema relacionado con ela.
- Tentamos representar esta historia, tal e como se fose unha obra de teatro.
- Pensamos noutros textos que poderíamos relacionar con este, ben porque tamén están protagonizados por nenos que se poden definir como perdedores ou porque defenden valores parellos...
- Tentamos localizar outras obras do autor.
- Localizamos outros libros ilustrados por Andrés Meixide e seguimos léndoos.
- Pensamos nunha persoa a quen lle regalariamos este libro e escribimos a dedicatoria.
- Imaxinemos como poderíamos pasar esta historia ao cine.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 605-2008